

REGULAMENTO "EN BUSCA DO CALLO PERDIDO III "

- Día da proba 6 de setembro.
- Inscripción gratuíta ata o 4 de setembro na Casa do Concello – Tenencia de Alcaldía, no Pavillón de Deportes ou a través do correo electrónico tenenciadealcaldia@salcedadecaselas.es.
- Actividade para grupos de amigos e familias (nenos e adultos). Todos os grupos deberán contar con un mínimo de 3 e un máximo de 6 participantes, entre os cales ten que haber como mínimo un maior de idade. Dentro do grupo deberá ser designado un capitán que será necesariamente maior de idade. Cada grupo deberá ter un nome para diferenciarse dos demais, que será escrito en todos os sobres que posúen as indicacións e probas (será rexistrado xunto co número que lle será asignado a cada grupo).
- Consiste nunha xincana fotográfica que consta dun número de postas ó longo da vila (a determinar segundo a cantidade de grupos inscritos). En cada posta haberá que superar unha proba, cando a proba estea superada os voluntarios ou voluntarias responsables estamparán a súa firma na folla de ruta que deberán levar os grupos e que se lle entregará no momento da acreditación. As pistas que levarán ós grupos á seguinte posta serán fotografías polo que os participantes deberán amosar o seu coñecemento profundo da vila e fixarse moi ben nos detalles das imaxes.
- Os grupos acreditaranse ás 16:30 horas na entrada principal do Concello. A proba dará comezo ás 17:00 horas.
- Débese respectar os horarios de partida e chegada.
- A primeira pista será entregada no momento de comezo da proba.
- Todos os integrantes do grupo deben chegar ao mesmo tempo ás distintas postas, de non ser así non se realizará a entrega das seguintes consingas para o desenvolvemento da busca.
- Todos os participantes deben respectar o solicitado en cada posta, de non ser así os coordinadores de cada posta terán a posibilidade de sancionalos co desconto de puntos.
- Para continuar co percorrido á posta seguinte o grupo deberá realizar a proba asignada, recoller unha parte do cartaz (cartel) da actividade e lle asine o certificado de firmas o coordinador ou coordinadora da mesma. O equipo gañador será aquel que primeiro complete o cartaz, é dicir, que pase por todas as postas e se achegue ó punto de partida e entregue a súa folla de ruta.
- Avalariase o comportamento e o respecto que teña o grupo entre si e cos demais participantes. Tampouco se lle está permitido aos participantes cambiarse do seu grupo designado. En caso de conflitos dentro do mesmo grupo ou cos demais serán sancionados.
- Os grupos poderán adiantarse uns a outros, pero terán que facelo respectando os grupos que se atopan nas probas; é dicir se chegan a unha proba e está baleira poderán levala a cabo e continuar, mentres que se xa hai un grupo deberán agardar a que rematen a proba.
- Non está permitido utilizar ningún medio de transporte para mobilizarse mentres se estea participando do evento, pola contra será desclasificado.
- Sancionarase con desconto de puntos, aumento de tempo, ou desclasificación a aqueles grupos que teñan actitudes ofensivas cara aos establecementos ou ao medio.
- O xogo darase por rematado cando todo o grupo pase por todas as postas, tendo conseguido todos os sobres cas pistas e habendo regresado ao lugar de chegada indicado con todas as pezas do cartaz. De non haber ningún grupo que consiga pasar todas as postas o gañador será o que ás 20:00 horas teña máis puntos (máis probas superadas).
- Peche da actividade na Praza do Concello.